

HISTORIA DA FILOSOFÍA

OPCIÓN A

Lea atentamente o seguinte texto de PLATÓN e a partir del responda as cuestións que se formulan.

▪ Teña en conta que se trata de **cuestións interrelacionadas**. Procure integrar as respostas nunha **composición redactada de maneira unitaria**.

▪ Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as calidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario axeitado coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e estilística.

TEXTO

—E que a xustiza consiste en facer o que é propio dun, sen meterse nas cousas alleas, é algo que xa oímos a outros moitos e que nós dixemos repetidamente.

—En efecto, afirmámolo frecuentemente.

—Nese caso, amigo meu, a xustiza parece que consiste en facer cada un o seu, sabes de onde o deduzo?

—Non, pero dimo ti.

—Ao meu parecer do que temos examinado, a moderación, a valentía e a sabedoría, o que resta por ver na cidade é o que dá a todas aquelas calidades a capacidade de nacer e, unha vez nadas, permítelles conservarse, mentres permaneza nelas. E xa dixemos que, se encontrabamos as tres, a xustiza sería a que restase.

(...)

—Entón, segundo parece, en relación á excelencia da cidade, a capacidade de facer cada un o seu nela pode rivalizar coa súa sabedoría, coa súa moderación e a súa valentía.

(...)

—Pois un home xusto non diferirá en nada da cidade xusta en canto á idea da xustiza mesma, senón que será semellante.

PLATÓN, *República*, IV, 433a-c, 433d e 435a-b (trad. de M. Teresa Miñambres Gómez)

CUESTIÓNS PRINCIPAIS ÁS QUE DEBE DAR RESPONDA A COMPOSICIÓN

I) Marco histórico e conceptual (avaliación: de 0 a 2,5 puntos):

— Situar o autor do texto no marco histórico-cultural e filosófico da súa época.

— Cuestión contextual: *Os sofistas e Sócrates*.

II) Comprensión temática (avaliación: de 0 a 6 puntos):

— Lea atentamente o texto e a partir del responda a seguinte cuestión temática: *A concepción política de Platón: antroploxía platónica e vinculación da alma á cidade*.

III) Cuestión transversal (avaliación: de 0 a 1,5 puntos):

— Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática expoña, con claridade e rigor conceptual, as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da Historia da Filosofía.

— Comentario persoal.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

OPCIÓN B

Lea atentamente o seguinte texto de KANT e a partir del responda as cuestións que se formulan.

- Teña en conta que se trata de **cuestións interrelacionadas**. Procure integrar as respostas nunha **composición redactada de maneira unitaria**.
- Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as calidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario axeitado coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e estilística.

TEXTO

Ilustración é a saída do home da súa minoría de idade, da cal el mesmo é o culpable. Minoría de idade é a incapacidade de servirse do seu entendemento sen a dirección doutro. Un mesmo é o culpable desta minoría de idade cando a causa dela non reside na carencia de entendemento, senón de decisión e valor para servirse del sen a dirección doutro. *Sapere aude!* Ten o valor de servirse do teu propio entendemento!, velaí a divisa de ilustración.

Preguiza e cobardía son a causa pola que unha tan grande parte de homes moito despois de que a natureza os ceibara da dirección allea (*naturaliter maiorenes*), sigan emporiso a ser con gusto toda a vida menores de idade; e é por iso que lles resulta tan doado ós outros erixirse nos seus titores. É tan cómodo ser menor de idade! Se teño un libro que pensa por min, un director espiritual que ten unha conciencia moral para min, un médico que me prescribe unha dieta, etc., daquela non preciso molestarme. Se podo pagar, non teño necesidade de pensar; xa haberá outros que asuman por min tan amoladora tarefa. (...)

De aí que só uns poucos conseguisen co propio esforzo do seu espírito zafarse da minoría de idade e, con todo, manter o paso firme.

Ben máis posible é, pola contra, que o público se ilustre por si mesmo; así será, de certo, case inevitablemente con só que se deixe en liberdade.

I. KANT, “Resposta á pregunta: Que é ilustración?” (trad. de R. Martínez Castro)

CUESTIÓN PRINCIPAL ÁS QUE DEBE DAR RESPONDA A COMPOSICIÓN

- I) **Marco histórico e conceptual (avaliación: de 0 a 2,5 puntos):**
 - Situar o autor do texto no marco histórico-cultural e filosófico da súa época.
 - Cuestión contextual: *Factores políticos, sociais e culturais que no século XVIII conducen á Ilustración.*
- II) **Comprensión temática (avaliación: de 0 a 6 puntos):**
 - Lea atentamente o texto e a partir del responda a seguinte cuestión temática: *A idea kantiana de Ilustración.*
- III) **Cuestión transversal (avaliación: de 0 a 1,5 puntos):**
 - Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática expoña, con claridade e rigor conceptual, as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da Historia da Filosofía.
 - Comentario persoal.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

OPCIÓN A

Lea atentamente o seguinte texto de ARISTÓTELES e a partir del responda as cuestións que se formulan.

▪ Teña en conta que se trata de **cuestións interrelacionadas**. Procure integrar as respostas nunha **composición redactada de maneira unitaria**.

▪ Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as calidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario axeitado coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e estilística.

TEXTO

A entidade dise, se non en moitos, fundamentalmente en catro sentidos: a entidade de cada cousa parece ser a esencia, o universal, o xénero e, en cuarto lugar, o suxeito.

O suxeito é aquilo do que todas as demais cousas son atributo, e ó mesmo tempo el non é atributo de ningunha outra. Por iso cómpre facer primeiro unhas precisións sobre el. Pois parece que entidade é ante todo o suxeito primeiro. E o suxeito é, nun sentido, a materia, noutro sentido a forma, en nun terceiro sentido o conxunto das dúas (chámolle materia, coma tal, ao bronce, forma á figura ideal e conxunto das dúas á estatua), de xeito que a forma, se é anterior á materia e ten o carácter do ser con máis intensidade, pola mesma razón será tamén anterior ó conxunto das dúas.

Así queda feita a definición de entidade: aquilo que non é atributo dun suxeito, e aquilo do que todo o demais é atributo.

ARISTÓTELES, *Metafísica*, 1028b 33-1029a 9 (trad. de T. Amado Rodríguez)

CUESTIÓNS PRINCIPAIS ÁS QUE DEBE DAR RESPONDA A COMPOSICIÓN

IV) Marco histórico e conceptual (avaliación: de 0 a 2,5 puntos):

- Situar o autor do texto no marco histórico-cultural e filosófico da súa época.
- Cuestión contextual: *Antecedentes presocráticos*.

V) Comprensión temática (avaliación: de 0 a 6 puntos):

- Lea atentamente o texto e *a partir del* responda a seguinte cuestión temática: *Física e Metafísica en Aristóteles: hilemorfismo, cambio e causalidade*.

VI) Cuestión transversal (avaliación: de 0 a 1,5 puntos):

- Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática expoña, con claridade e rigor conceptual, as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da Historia da Filosofía.
- Comentario persoal.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

OPCIÓN B

Lea atentamente o seguinte texto de LOCKE e a partir del responda as cuestións que se formulan.

- Teña en conta que se trata de **cuestións interrelacionadas**. Procure integrar as respostas nunha **composición redactada de maneira unitaria**.
- Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as calidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario axeitado coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e estilística.

TEXTO

Pero, aínda que este sexa un estado de liberdade, non é, porén, un estado licencioso; aínda que o home neste estado teña unha incontrolada liberdade para dispor da súa persoa e propiedades, con todo, non ten liberdade para destruírse a si mesmo, ou menos aínda a calquera criatura que estea no seu poder, excepto no caso en que algunha razón máis nobre que a súa preservación o guíase. O estado de Natureza ten unha lei da Natureza para gobernarse, a cal obriga a todo o mundo, e esta é a razón, a cal ensina a todos os homes, só con que queiran consultala, que, sendo todos iguais e independentes, ninguén debe danar a outro na súa vida, saúde, liberdade ou posesións; xa que, sendo todas as persoas a obra dun Creador omnipotente e infinito; todos serventes dun xefe soberano, enviados ó mundo baixo a súa orde e negocio, eles son a súa propiedade, a súa obra, e foron feitos para durar mentres el o queira, e non mentres a outro lle praza. E sendo creados con tales facultades, compartindo todos a mesma comunidade de natureza, non pode ser suposta ningunha subordinación entre nós que nos autorice a destruírnos uns a outros como se foramos feitos para outros usos, como as criaturas de inferior rango o foron con respecto a nós.

J. LOCKE, *Segundo tratado sobre o goberno*, § 6 (trad. de M^a E. González Escudero)

CUESTIÓNS PRINCIPAIS ÁS QUE DEBE DAR RESPONDA A COMPOSICIÓN

- I) **Marco histórico e conceptual (avaliación: de 0 a 2,5 puntos):**
 - Situar o autor do texto no marco histórico-cultural e filosófico da súa época.
 - Cuestión contextual: *Renacemento e Reforma*.
- II) **Comprensión temática (avaliación: de 0 a 6 puntos):**
 - Lea atentamente o texto e a partir del responda a seguinte cuestión temática: *A idea de “estado de natureza” como fundamento ideolóxico do novo Estado burgués: a teoría do contrato social en Locke*.
- III) **Cuestión transversal (avaliación: de 0 a 1,5 puntos):**
 - Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática expoña, con claridade e rigor conceptual, as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da Historia da Filosofía.
 - Comentario persoal.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

A cualificación máxima (10 pts.) distribuirase do seguinte xeito:

1ª parte: MARCO HISTÓRICO E CONCEPTUAL 2,5

Distribuídos consonte aos seguintes criterios e proporcións:

— Contextualización xeral 1,25

— Cuestión específica de contextualización 1,25

(Trátase de avaliar os coñecementos sobre a época na que se sitúa o autor, tendo principalmente en conta a relevancia filosófica dos trazos que se mencionen. Isto non inclúe a mera mención de anécdotas.)

2ª parte: COMPRENSIÓN TEMÁTICA 6

(Trátase de avaliar os **coñecementos sobre o autor** centrándose na **temática formulada** e, en relación con esta, na **comprensión do texto**.)

3ª parte: CUESTIÓN TRANSVERSAL 1,5

Distribuídos consonte aos seguintes criterios e proporcións:

— Cuestión transversal 1,5

— Comentario persoal [0,5]

(Trátase de avaliar a **capacidade do alumno/a** para situar a cuestión temática no **horizonte global da Historia da Filosofía**.)

Hai que contar coa posibilidade de que un/unha alumno/a poida introducir algún comentario persoal atinado que poña en evidencia a súa comprensión. Os comentarios persoais que o/a alumno/a poida eventualmente facer, se son pertinentes e atinados, poden ser avaliados ata 0,5 pts. Isto é: o/a alumno/a que introduce comentarios pertinentes e atinados outorgaríanselle **0,5 pts.**, que se sumarían á cualificación parcial que merecese a resposta á cuestión transversal.)

Todas estas cualificacións **presupoñen** que estamos diante dunha composición unitaria, ben estruturada, correcta desde o punto de vista sintáctico, escrita con pulcritude, respectando escrupulosamente a normativa ortográfica, usando o léxico axeitado e poñendo en evidencia unha boa comprensión dos conceptos concernidos. Así pois, a corrección deberá tomar en conta os seguintes aspectos:

1. Orde e articulación da composición
2. Corrección ortográfica e gramatical
3. Riqueza léxica
4. Precisión conceptual

— Entre os “defectos de composición” débese penalizar o recurso abusivo a esquemas e cadros que claramente pretendan substituír a exposición verbal, respectando, claro está, aqueles esquemas ou cadros que, sen eludir a redacción, estean oportunamente introducidos como complementos da mesma.

— O carácter unitario da exposición non se desprende da mera ausencia de compartimentación, senón que se refire á efectiva estruturación unitaria.

— No tocante á corrección ortográfica e gramatical debemos ser tolerantes cos erros eventuais achacables ás circunstancias propias dun exame. Tamén podemos interpretar con lasitude erros particulares e reiterativos (incorreccións ortográficas limitadas en tal ou cal expresión, construción defectuosa de tal ou cal estrutura gramatical). Temos, iso si, que prestar atención ao teor xeral do exercicio, sobre todo á combinación de reiteración e diversidade nas incorreccións ortográficas, revelando grave descoñecemento e/ou desidia, así como á incapacidade para manter un nivel xeral de corrección gramatical.

— No que atinxe ao uso do léxico e máis á comprensión conceptual tense que ser rigoroso con aqueles termos e conceptos que resulten esenciais para a comprensión do texto e das cuestións formuladas, así como para a correcta elaboración das respostas. Debemos penalizar os defectos expresivos que denoten carencias discursivas graves dentro do nivel esixible para unha persoa que aspire a acceder á Universidade.